



Deputación
DA CORUÑA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



DEPUTACIÓN
OURENSE



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 2 de agosto de 2023.

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE AS DEPUTACIÓN
PROVINCIAIS DE A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES EN MATERIA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO
CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO**

ALGHERO 7/2023

REUNIDOS

Pola Deputación Provincial de a Coruña, D. José Ramón Rioboo Castro, en calidade de deputado provincial nomeado na sesión plenaria celebrada o 27 de xullo de 2023.

Pola Deputación Provincial de Lugo, Dña. Pilar García Porto, en calidade de deputada provincial nomeada na sesión plenaria celebrada o 12 de xullo de 2023.

Pola Deputación Provincial de Ourense, D. Luis Menor Pérez, en calidade de presidente da Deputación nomeado na sesión plenaria celebrada o 17 de xullo de 2023.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, D. Luis López Diéguez, en calidade de presidente da Deputación nomeado na sesión plenaria celebrada o día 6 de xullo de 2023.

Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, D. Diego Calvo Pouso, nomeado por Decreto 65/2023, de 14 de xuño, DOG Núm. 113, de xoves 15 de xuño de 2023.

INTERVEÑEN

O Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e os Presidentes das Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, no marco das competencias respectivas atribuídas a estas administracións en materia de emerxencias pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia e pola Lexislación básica de Réxime Local.



Deputación
DA CORUÑA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



DEPUTACIÓN
OURENSE



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

EXPOÑEN

As partes, segundo interveñen, recoñécense reciprocamente capacidade necesaria para asinar o presente Protocolo de Colaboración coa finalidade de establecer un marco de diálogo e colaboración en aras a normalizar o funcionamento dos catro consorcios provinciais de Bombeiros antes citados.

Neste senso, as partes asinantes acordan traballar conxuntamente para acadar os seguintes compromisos cos representantes sindicais dos bombeiros:

- 1) Aplicar a sentenza do 28 de xaneiro de 2022, ao persoal subrogado dos Consorcios provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra de prestación do Servizo contra incendios e Salvamento, mantendo a condición de persoal indefinido fixo, que tiñan no momento da subrogación deste persoal, con ocasión do cambio de modelo de xestión.
- 2) En consecuencia, á maior brevidade posible dende a sinatura deste protocolo, asinarase un convenio colectivo en cada un dos citados consorcios provinciais cunha vixencia dun ano dende a data da súa sinatura, onde se recollan as mellores condicións dos convenios que tiñan os trabadores coas empresas prestadoras deste Servizo.
- 3) As partes asinantes deste protocolo asumen, unha vez asinados os convenios sinalados no punto anterior, o compromiso de iniciar a partir do mes de setembro de 2023, a negociación duns novos Convenios colectivos que homoxeneicen as condicións laborais do persoal dos catro consorcios provinciais.
- 4) Así mesmo, iniciaranse simultaneamente a tramitación das correspondentes RPT en cada consorcio Provincial.
- 5) Os representantes dos traballadores procederán no mesmo día á sinatura deste protocolo á desconvocatoria da Folga actualmente convocada, garantindo a correcta prestación deste Servizo en todos os parques de bombeiros dos catro Consorcios provinciais.



Deputación
DA CORUÑA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



DEPUTACIÓN
OURENSE



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA

E en proba de conformidade, co que antecede, as partes asinan este Protocolo, no lugar e na data arriba indicados.

En representación da Deputación Provincial da Coruña, o deputado provincial

D. José Ramón Riobo Castro

En representación da Deputación Provincial de Lugo, a deputada provincial

~~Dña. Pilar García Porto~~

O presidente da Deputación Provincial de Ourense

D. Luís Menor Pérez

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra

~~D. Luis López Diéguez~~

O Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia Xustiza e Deportes

~~D. Diego Calvo Pouso~~

